

Ola!

Chámome Tari, son un monte, e vivo en Tarilandia. Vós, as persoas e os animais só podedes ver o meu marabilloso cabelo formado por árbores. O meu corpo está debaixo da terra entonces non podedes verme, pero eu sí que vos podo ver a vós. Son moi presumida por iso me gusta poñer flores no meu pelo. Quédanme moi ben! Estes anos estou moi contentar pero fai 4 anos, pasoume unha cousa moi mala.

Un día estaba eu triste porque ninguén me viña visitar, agás os animais que vivían nas árbores do meu pelo e os cazadores, ninguén máis. A min non me gustaba que viñeran nada eses homes, con escopetas, disparando e matando os meus amiguiños os animais. Cada vez estaba máis triste porque fai anos, os nenos e as nenas ían sempre a xogar ao monte e agora nada, seguido cos ordenadores e coas cousas esas, aínda que o comprendo porque segundo din eles é moi divertido, pero a min segue sen convencerme de todo...

Pero un día, chegaron un grupo de rapaces e rapazas, serían vinte, máis ou menos. Montaron unha mesa e acenderon unha fogueira, non me gustaba aquilo demasiado pero os rapaces, que parecían responsables, ao acabar de facer a comida apagaron a fogueira e xa quedei máis tranquila. Eu, pensaba que eran uns rapaces que se sabían comportar pero esa idea marchoume da cabeza cando se puxeron a beber alcohol, uns cantaban, outros bailaban, outros vomitaban polas esquinas... un desastre! E claro, a hora de marchar, acordoulles que tiñan que limpar todo o que marcharan pero parecía que lle daba moita pereza, e todo para o chan, que xa se limpará só! O grupo de rapaces e rapazas ao acabar marcharon. Eu, quedei alí, toda sucia, esperando a que algún veciño ao día seguinte me viñera limpar, pero nada estiven así unha semana. Seguiría toda sucia se non fose porque pasada unha semana dende a festa do grupo de rapaces e rapazas empezou a facer unha calor que non se aguantaba. E claro, co sol que facía, e o todo o vidro que había tirado polo chan, formouse un gran incendio que converteu todo o meu fermoso cabelo, as miñas árbores e as miñas flores en cinzas. Os bombeiros viñeron e apagárono, todo estaba gris e triste pero parecía que aos meus veciños de Tarilandia iso lle daba absolutamente igual, os días pasaban e todos seguían se me vir a visitar.

Grazas a Deus, uns veciños dun pobo de cerca fixeron unha manifestación en contra dos incendios provocados e os que se causaban sen queres pero como consecuencia das persoas. Entón foi cando as

persoas do meu pobo se deron de conta de que eu, Tari, o único monte de por alí, era moi importante para eles. Ao día seguinte viñeron e comezaron a arrancar todas as árbores e flores que estaban queimadas e no seu lugar plantaron outras árbores e outras flores novas. Levoulles bastantes días pero ao fin conseguírono. Ao cabo duns meses cando o meu marabilloso cabelo xa volvía a lucir igual que antes, todos os veciños de Tarilandia me viñan visitar. Os nenos viñan case todos os días, despois de merendar e de facer os deberes, xogaban, cantaban, corrían, bailaban... e tamén se bañaban no pequeno regato.

Os adultos viñan máis os fins de semana, normalmente, toda a familia xunta, prendían unha fogueira pero ao acabar de facer de comer apagábana e recollían todo o lixo. Os veciños viñan tanto ao monte que o alcalde puxo un pequeno parque, cuns bancos, xogos para facer ximnasia de máis cousas.

Dende o día do incendio os veciños aprécianme e quérenme e iso fai que sexa o monte máis feliz do mundo.